



CIRCULAR 7-2018

- A todas as Delegacións (*)
 - A todosasambleistas
 - A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada
- (*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

XXIX CAMPIONATO DE GALICIA DE MARCHA EN RUTA

Cangas , 11 de febreiro do 2018

Art.1) A F.G.A. organizará o XXIX Campionato de Galicia de Marcha en ruta que terá lugar no Porto de Aldán (Cangas) o vindeiro domingo **día 11 de febreiro** do 2018.

Art.2) Poderán participar todos atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2017/18) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos de Galicia.*

Art.3 As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 6 de febreiro.**

Art.4). Os atletas deberán comunicar retirar o seu dorsal ata 45 minutos antes do comezo da proba, segundo o horario indicado.

Art.5). Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría (benxamin, alevín, infantil, cadete/sub16, xuvenil/sub18, junior/sub20, promesa/sub23, absoluto e veterán) sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6). Os atletas deberán utilizar os dous dorsais de forma totalmente visible no peito e por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación de cada dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art. 7) Os atletas deberán pasar por cámara de chamadas que estará aberta até 10 minutos antes da saída de cada proba. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do atleta agás



casos debidamente xustificados. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos.

Art.8). Horario e distancias do Campionato:

| HORA | CATEGORÍA | SEXO | DISTANCIA |
|-------|--------------------------------|------------------|-----------|
| 11:00 | Infantil | Homes e mulleres | 3 Km |
| 11:30 | Alevín | Homes e mulleres | 2 Km |
| 11:50 | Benxamín | Homes e mulleres | 1 Km |
| 12:05 | Cadete/sub16 | Homes e mulleres | 5 Km |
| 12:45 | Xuvenil/sub18-Junior/sub20 | Homes e mulleres | 10 Km |
| 12:45 | Promesa/sub23-Senior-Veteranos | Homes e mulleres | 10 Km |

Art.9) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, puidendo ser esta denegada.

Art.10) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Dolores Rojas Suárez
Secretaria Xeral da FGA

A Coruña, 18 xaneiro de 2018